

R G T

Revista Galega de Teatro Verán 2009 Número 59



TEXTOS / 56

***Esquecer Barcelona*, de Carles Batlle
PREMIO BORN 2008**

**Tradución do catalán ao galego:
Afonso Becerra de Becerreá**

Esquecer Barcelona

Esquecer Barcelona presenta unha serie de “vidas cruzadas” na cidade de Barcelona: unha rapaza xaponesa, dous profesores de filosofía, o encargado dun súper paquistaní, unha pintora finlandesa, unha interventora de “La Caixa”, dous estudantes... Os personaxes, aparentemente independentes nun principio, gardan curiosos vínculos entre eles. Hai unha estraña desaparición que os desacouga e os atormenta. E todos semellan fascinados por este fenómeno tan antigo e tan esquecido que é explicar a realidade a través dos contos.

“Nun momento crítico de inflexión entre aquilo caduco e aquilo que nace, unha proposta valente capaz de cuestionar as visións socioculturais estereotipadas dunha cidade xa inexistente; unha aposta por abrir regos a través da ficción ás novas realidades. Cómpre esnaquizar os xerros antigos e dispersar os seus anacos por todas partes para que sirvan de fundamento á cultura que xorde. Uns personaxes profundamente infelices que polo camiño da mentira instituída perderon os valores humanos máis básicos. Os conflitos xeracionais, de relación de parella e interculturais entrelíganse dentro dun mesmo espazo urbano, que se volve protagonista, onde a diversidade de voces pugnan por ser escoitadas.”
(Acta do xurado do XXXIII Premi Born de teatre. 2008.)

Carles Batlle

Entre as súas obras, destacan *Temptació*, estreada o ano 2004 no Teatre Nacional de Catalunya e no Burgtheater de Viena (con montaxes en Francia e Alemaña; a obra traducíuse e publicouse en castelán, francés, alemán, italiano, portugués, checo e polonés); *Combat* (1995-1998), estreada en diversos países de Europa e América (publicada tamén en diversas linguas); *Suite* (premio SGAE 1999), ou *Oasis* (premio Recull 2002), que tamén obtivo o premio á mellor tradución ao alemán no Festival do Stadt Theater de Bremen en 2004, e que, ademais, foi traducida ao galego e publicada pola Revista Galega de Teatro no seu número 55, do verán 2008. A súa última obra *Trànsits* estreouse na Sala Beckett de Barcelona e no Festival Temporada Alta de Girona en outubro de 2007.

Foi fundador e director do “Obrador”, espazo de experimentación e creación dramáticas, da Sala Beckett ata a actualidade. É director da revista teatral *Pausa*. Entre 1998 e 2004 foi membro do Consello Asesor do Teatre Nacional de Catalunya. Nos anos 2003 e 2004 foi dramaturgo residente no TNC. No ano 2004 foi seleccionado para presentar a súa obra *Versuchung* no Stückenmarkt de Berlín. Tamén é un dos patróns do festival New Plays From Europe (Wiesbaden, Alemaña). É profesor de dramaturxia e literatura dramática no Institut del Teatre de Barcelona e na UAB. Co-coordina o Programa de Máster en Estudos Teatrais destas dúas institucións. A súa tese doutoral sobre o teatro simbolista de Adrià Gual obtivo o Premio da Crítica “Serra d’Or” 2002.

ESQUECER BARCELONA

Esta obra presenta unha serie de “vidas cruzadas” na cidade de Barcelona. Os personaxes, aparentemente independentes desde o comezo, gardan curiosos vínculos entre eles. Unha estraña desaparición axítaos e atorméntaos. E todos semellan fascinados por este fenómeno tan antigo e tan esquecido que é explicar a realidade a través dos contos.

PERSONAXES

Nina Virtanen, entre vinte e trinta. Melena loira. Finlandesa. Artista.
Reiko Yoshiwara, unha vintena. Melena negra. Xaponesa. Estudante.

(Ámbalas dúas interpretadas pola mesma actriz.)

Jordi Serra, alias **Black**, unha vintena. Cabelo curto. Estudante.
Baba Nogazza, preto dos trinta. Cabelo negro. O home do súper.

(Ámbolos dous interpretados polo mesmo actor.)

Ona Puig, uns trinta e cinco. Banqueira.
Fidel Roca, na raia dos cincuenta. Profesor. Leva sempre unha camisa de Tintín.
Salvador Serra, cincuenta e tantos. Profesor. Pai de Black.
Carles Coma, unha vintena. Estudante. Canguro.

O signo / indica onde comeza a réplica seguinte. A final de réplica, indica unha interrupción abrupta e non voluntaria da quenda de fala. Os tres puntos “...” -tanto entre réplicas como nunha réplica- indican sempre unha pequena pausa.

PRÓLOGO

Universidade. Aula. Fidel, Carles, Black e Reiko. Os catro cun papel verde nas mans.

Fidel: Tomastes unha decisión...

Carles: Que decisión?

Fidel: Unha decisión importante.

...

Abandonaredes aos nenos no medio do bosque: alí terán unha oportunidade, quizais alguén os recollerá...

Black: Iso non o cre ninguén...

Prega o papel e gárdao.

Fidel: É de noite/

Black: Xa mo sei.

Fidel: É de noite. Os nenos están diante da porta dun castelo tenebroso; teñen medo pero tamén teñen fame, que fan?... Non, que fariades vosoutros?

Carles: Eu chamaría.

Fidel: Chamade, moi ben... A porta ábrese, unha luz cegadora, unha silueta escura... É unha muller, unha muller amable. Cando vos ve, dávos de comer e abrígavos, e tamén vos avisa de que o seu marido, un xigante terrible, está a punto de chegar, e o seu prato preferido é o estufado de cativos... Continúa ti, Jordi.

Black: Eu?

Fidel: Si. Continúa... Sábelo ou non o sabes?

Black: O neno..., o máis pequeno quero dicir, o máis pequeno de todos decide agocharse debaixo da mesa...

Fidel: En primeira persoa. Agora ti es o neno.

Black: Inesperadamente, as paredes vibran e a porta golpea con forza, é o xigante que chega, grita, salouca, cheira a algunha cousa estraña...

Fidel: Máis emoción.

Black: Cando entra, babea. É horroroso... É... É...

Fidel: Pregunta á muller/

Black: Iso, pregunta á muller..., pregunta..., pregunta pero a muller faise a despistada... E sérvelle carne e viño... E o xigante dórmese. O neno, quero dicir eu, saio do meu agocho e cóllolle as botas, como se chamaban as botas?..., botas de sete leguas, iso, cóllolle as botas de sete leguas, unhas botas máxicas que permiten voar. En catro pasos, chego voando ata o pazo do Rei. E o Rei envía un exército ao castelo e prende ao xigante. O Rei dáme un tesouro e, ademais, noméame carteiro real. E xa está.

Carles: Por que carteiro real?

Black: Polas botas, coas botas de sete leguas as cartas sempre chegan á hora. Pareces idiota.

Fidel: Falta o final feliz.

Black: Que final?

Carles: Os pais...?

Fidel: Moi ben. Ide atoparvos cos vosos pais e dádelles as boas noticias. Eles, arrepentidos, abrázanvos emocionados. Sodes felices e comedes perdices... E agora si, xa está.

Black: De acordo, pero sempre que escoito este conto, fágome a mesma pregunta.

Fidel: Cal?

Carles: Como é que primeiro non soubemos atopar aos nosos pais e agora, en cambio, atopámoslos á primeira?

Black: Decididamente es idiota.

Fidel: Imaxinádevos agora o titular dun diario.

Carles: Pero non se acabara?

Fidel: Di así: “Un matrimonio, que abandonara aos seus fillos na rúa hai un par de semanas, reclama agora a custodia. Curiosamente, os nenos acaban de ser beneficiados cun décimo do gordo de Nadal.”

...

Carles: Non llelos deberían de dar.

Fidel: Son os seus pais.

Carles: Hai algunha cousa que non cadra.

Fidel: Que non cadra?

Carles: Nada máis queren a pasta.

Fidel: Están arrepentidos.

Carles: Pero non cadra.

Fidel: De acordo, por que?

Black: Unha cousa é a realidade e outra é un conto.

Fidel: Seguro?... A ficción proporciona puntos de vista diferentes. A ficción déixanos entender un pouco mellor a complexidade de todo aquilo que nos rodea... A familia reúnese e estamos contentos. Que pasa? Son uns pais arrepentidos? Son uns pais interesados?... Vai saber. A ficción non dá respostas, nada máis nos axuda a ver que as cousas non sempre son sinxelas. A ficción axúdanos a dinamitar a banalidade dos titulares.

Carles: Apúntomo.

Black: Pero a miña pregunta/

Fidel: Reiko, entendíchelo?... Queres dicir algunha cousa?

Reiko, que estivo lendo un papel verde todo o tempo para non perderse, sorrí.

Fidel: Di... Entendiches o que dixemos?

Reiko: A muller.

Fidel: Que muller?

Reiko: Que lle pasa á muller do xigante?

Timbre.

ACTO I

UNHA ETRAÑA DESAPARICIÓN

1.

O súper paquistaní. Ona e Baba anicados no chan. Ona grita.

Baba: Por que berras?... Que che pasa?

Ona: Non me concentro.

Baba: E por iso berras, por iso me pegas?...

Ona: Estas caixas fan demasiado ruído.

Baba: Ven, o amo ten un colchón alí dentro, para os días que traballa de noite... Que che pasa?... Tes fame?

Ona: Non.

Baba: Aquí hai de todo: froita, galletas, patacas fritidas, olivas, queixos, iogures, xamóns, fuets... Ti escolles.

Ona: Que hora é?

Baba: As doce.

Ona: Teríame que ir.

Baba: Tamén hai chocolate.

Ona: Non me apetece nada, non sexas/ pesado.

Baba: Chocolate, palabra máxica, chocolate.

...

Tes razón, o amo podería vir, non digo que veña, pero podería vir, e estamos medio espidos, pódennos cachar, si, e as caixas de cartón fan ruído, e o frío do conxelador chega deica aquí... Mira, un escaravello... Que noxo verdade?

Ona: Si.

Baba: Pero sabes que pasa?

Ona: Non.

Baba: Ti escolles.

Ona: Non insistas.

Baba: Por que non?

Ona: Na miña casa, non.

Baba: Poderíamos durmir xuntos despois.

Ona: Dixen que non.

Baba: Aquí non te concentras.

Ona: Onde dis que tes o chocolate?

Baba: Teríamos un pouco de música.

Ona: No andel de arriba?

Baba: E calefacción, por descontado.

Ona: Non hai.

Baba: Non tes calefacción?

Ona: Quizais máis arriba. E naquel andel de alí?

Baba: Que che pasa?...

Ona: Estou nerviosa.

Baba: Tiveches algún problema no traballo?

Ona: Gústame mandar, pásoo bomba. Ningún problema no traballo.

Baba: Gustaríame verte en traxe de chaqueta.

Ona: Déixame.

Baba: Desabotoar o traxe de chaqueta.

Ona: Déixame.

Baba: Baixar a cremalleira da saia...

Ona: Basta.

Baba: Desabotoar a blusa, e o sostén... E se o fixeramos no teu despacho? Tes unha chave?

Ona: Que me deixes, che digo!

Baba: Que agochas na túa casa para que eu non poida ir? Di?

...

Ona: Nada.

Baba: Son o dependente dun súper, dun súper paquistaní.

Ona: Eu non dixen iso.

Baba: Unha boa razón para non traspasar a túa porta, para non entrar no teu leito, para continuar follando no teu coche, na estrada do Tibidabo, nos caixeiros automáticos, no lavabo do Sidecar, no portal da miña casa, no confesionario da igrexa de Sant Agustí, diante destas putas neveiras... Enténdoo, Ona, enténdoo perfectamente. Entendo que che guste que te folle, é iso o que entendo. O que non entendo é por que non che cobro nada.

Ona: Agora si que marcho.

Baba: Perdoa.

Ona: Non sei que fago aquí.

Baba: Perdoa, paseime, seino, ven.

Ona: Es un porco. Déixame, non me toques...

Baba: Pódoche facer unha pregunta?

Ona: Téñome/ que ir.

Baba: Perseguíchesme dunha maneira que faría morrer de vergoña a calquera muller do meu/ país.

Ona: /Xa te chamarei.

Baba: Puxéchesme a man no paquete como se fose a cousa máis natural do mundo, alí, entre os iogures e o peixe conxelado. Ven aquí. Mírame. Mírame.

...

Estás tremendo. Tes frío?

Ona: Estou ben.

Baba: Son un estúpido.

Ona: Estou ben, estou nerviosa. E si, es un estúpido.

Baba: Queres o chocolate?...

Ona: Vina.

Baba: Que viches, o chocolate?

Ona: A moza desaparecida, a xaponesa... Vina...

Baba: Que xaponesa?

Ona: Dixérono nas noticias. É a xaponesa aquela, a filla do arquitecto, aquela miúda, a que vén comprar aquí, como se chama?...

Baba: Reiko.

Ona: Iso, Reiko.

Baba: E dis que desapareceu? Onde estaba cando a viches?

Ona: Estaba soa, diante do mostrador, esperaba que viñera alguén para servila.

Baba: Aquí?

Ona: De súpeto, sentiuse un grito. Moi forte, pareceume urdú, soaba case como un insulto.

Baba: E ti, onde estabas?

Ona: Mirábao desde alí, detrás da neveira grande.

Baba: Debeucho parecer; ás veces o amo berra, como se estivera en Islamabad, alí é normal, berrar de vez en cando, para animar a venta, quero dicir, así recorda á xente que veu ao súper a comprar, para espertalos, veña, senta un pouco e tranquilízate, despois sairemos xuntos... Vai vestíndote.

Ona: Estaba anicada, agochada. Aquela voz dárame medo.

Baba: E por iso te agochaches alí.

Ona: Si, alí.

Baba: E cando pasou iso?

Ona: Mentres te esperaba. Estaba todo escuro. Non puideron ver grande cousa.

Baba: Púidote ver o amo?

Ona: Non había ninguén. Só eu e a rapaza e o home que lle berrou.

Baba: Queres dicir que o amo non estaba atendéndolle á rapaza?

Ona: Non.

Baba: Pero a porta da rúa estaba aberta, non?

Ona: Non. Eu tiña unha chave.

Baba: Que chave?

Ona: A túa, o teu chaveiro.

Baba: Collíchesme as chaves? Collóns! Decátaste de que se te pillan pódenme botar á rúa?

Ona: Non me veu ninguén.

Baba: Quedaramos ás dez.

Ona: Eran as dez.

Baba: Será mellor que te vistas, veña.

Ona: De súpeto apareceu o home e colleuna polo brazo.

Baba: Ves? Non podía ser tan tarde, seguro que aínda había clientes, debía ser o seu pai.

Ona: Non veu a Barcelona co seu pai.

Baba: E ti como sabes todo iso?

Ona: Colleuna polo brazo e deulle un tirón.

Baba: Empuxouna, queres dicir, empuxouna do brazo, para marchar,/ seguro.

Ona: Non, cando digo un tirón, quero dicir un tirón. Quero dicir que a empuxou con violencia.

Baba: Estabas ti soa, acababas de ver as noticias, impresionoute, coñecíala, as noticias falaban de alguén que ti coñecías, viches algún cliente que aínda non marchara, ou a muller da limpeza, eu que sei, pensaches que a xaponesa da noticia estaba aquí, no súper e que alguén lle deu un tirón.

Ona: E empurrábaa.

Baba: Que quere dicir que a empurraba?

Ona: Fíxolle xirar cento oitenta graos, e empuxouna contra o mostrador.

Baba: Estaba escuro.

Ona: Si estaba escuro, pero vin como a empuxaba contra o mostrador.

Baba: E que pasou?

Ona: Entón un raio de luz que viña daquela fiestra, da rúa, iluminou a cara do home.

Baba: Un primeiro plano, como nunha película, quen era?... Era o amo?

...

Non sabía que contar contos de medo excitábate. E despois falas de min... Ona, a min éme igual se follamos ou non, sábelo, verdade? Se quixeras poderíamos estar xuntos, cada día, sen caixas de cartón, sen frío, sen angustia.

Ona: Non.

Baba: Por que non? Canto tempo hai que nos estamos vendo?

Ona: Non era o amo.

Baba: Non era o amo.

Ona: Eras ti.

...

Eras ti... Ti. Empuxabas á rapaza contra o mostrador e pegábaslle un puñazo no ventre, así, con

rabia... Ela, primeiro, resistíase, despois xa non, non reaccionaba... Caeu... Eu estaba espantada, pensaba que me descubrirías, agochada alí detrás, semellábame que podías traspasar o conxelador do peixe coa mirada, que tiñas poderes, que detectaras a miña presenza, observaba como sorbías o sangue da rapaza, como enxugabas a boca coa manga e buscabas unha nova presa, como te movías silandeiramente, como pasabas por riba daquel corpo retorcido, miúdo, encarcado enriba das baldosas frías, sen consciencia, quizais sen vida, e achegábasteme, e eu non me podía mover, e tí achegábase e eu estaba petrificada, alí, tras o conxelador, sen poder facer nada, cando chegaches ao conxelador, apoiácheste, pegaches o ouvido, como se quixeras escoitar o bater do meu corazón a través do peixe conxelado, ti e eu e entremedias o peixe, entón estíraches a man, a túa man escura e peluda, a túa man coas túas garras negras que ían crescendo e crescendo, estírachela, pero nunca acababa de chegar onde eu estaba, víaa avanzar, pero non me tocaba, e aínda avanzaba, avanzaba, avanzaba... E entón din un grito.

Baba: Deches un berro?

Ona: Si, un berro, así...

Ona berra.

Baba: Por que berras, agora? Que che pasa?

Ona: Entón espertei... Non me concentro, díxenche.

Baba: Non te concentras/

Ona: Por iso berras?, dixéchesme.

Baba: Cando/

Ona: Por iso berras, por iso me pegas?...

Baba: Hostia, puta, ti sabes... Es unha puta, unha filla da gran puta, unha merda de filla da gran puta, iso non se fai/, iso...

Ona: Baba, antes de que te decidas a pegarme de verdade, podo facerche unha pregunta?... Podo?... Grazas. Poderíame dicir de que falas cada día coa xaponesa? De que falades? Por que rides? Pódesmo dicir?

Timbre.

2.

Universidade. Aula. Fidel está na tarima, de pé enriba dunha cadeira.

Salvador: Fidel, que fas?, baixa.

Fidel: Que?

Salvador: Axúdoche?

Fidel: Grazas, non fai falta, preparo o relatorio.

Salvador: Baixa, hai tempo que te buscaba, pasou algo grave/, baixa.

Fidel: Estás ben?

Salvador: Si.

Fidel: Pásalle algo a Nina?

Salvador: Suspenderon as clases, baixa, veña, que coño dis que preparas?

Fidel: O concurso.

Salvador: Que concurso?

Fidel: Non es do tribunal?... “Dezanove motivos para comprender a orixe da tristura dos homes.”

Salvador: Que?

Fidel: É o título do meu relatorio... Benvidos membros do tribunal, profesores, colegas, amigos, centrarei a miña exposición nun intento de sistematizar unha das teorías máis suxestivas da época moderna: a tristura é inherente á condición humana. Creo que podemos resumir os motivos en dezanove epígrafes básicos. Primeira razón: o pecado orixinal,/ segundo...

Salvador: Fidel/

Fidel: De acordo, se comezo a falar do pecado orixinal botádesme a baixo... A ver... O primeiro motivo polo cal a humanidade sofre... Sofre? Non... O primeiro motivo polo cal a humanidade *experimenta* esta melancolía... O primeiro... Merda, Salvador, xa me desconcentraches...

Black entra na aula. Ve a escena, dubida. Finalmente, vólvese e sae. Os dous homes míranos en silencio.

Fidel: É un bo rapaz.

Salvador: Incapaz de matar unha mosca.

Fidel: E listo.

Salvador: Fidel, baixa, por favor.

Fidel: Ten moita personalidade.

Salvador: Precisamente.

Fidel: Precisamente que?

Salvador: Demasiada personalidade.

Fidel: Primeiro motivo da tristura dos homes: o exceso de personalidade.

Salvador: Non fagas coña... Baixa... Antes, cando era pequeno, gustáballe ir de excursión comigo, para falar dicía. Contabámonos cousas. Agora non me soporta, nin tan só me saudou, evítame.

Fidel: Gustaríache volver ao pasado? Ou, mellor, mellor aínda, gustaríache cambiar cousas do pasado para mellorar o presente? Si ou non?

Salvador: Podes evitar que me saian cabelos brancos?

Fidel: De acordo, queres. Agora ben, podemos cambiar o pasado?... Velaí o segundo motivo.

Salvador: Fidel, baixa dunha fodida vez, teño presa, soará o timbre, os alumnos entraran a recoller as súas cousas/

Fidel: Segundo a doutrina escolástica, a única fronteira da omnipotencia de Deus é a incapacidade divina de cambiar o pasado. Séguesme?

Salvador: Son profesor de filosofía.

Fidel: Pero, existe Deus? Eu diría que non: saberíasmes dicir cantas veces nolo cargamos nos últimos cen anos?

Salvador: Ou baixas ou marcho.

Fidel: Deus morreu porque era impotente. E nosoutros? Somos impotentes? Sómolo? A ver, ti: es impotente? Cres que lles podo falar de ti, aos membros do tribunal? Eu, señores, podo cambiar o pasado: a miña memoria conségueo cada día. Estadés tristes porque non podeades cambiar o pasado, o pasado que vivistes un día e que despois fundiuse, que desapareceu, equívócome?... Santa inocencia, que sentido ten botar de menos o pasado, que sentido ten botar de menos o noso pasado e o de outra xente, o pasado de toda a humanidade, pasados que nunca vivistes?... Non vos decatades que están aquí, máis preto que nunca?... Ide ao cine, aquí na esquina, ide ao cine, ide, hoxe as películas, os cómicos, as novelas, toda a nosa cultura moderna e posmoderna, todos os flocos de millo e os efectos especiais do mundo, todo iso, todo, transformou o pasado nun grande parque temático que impregna as nosas vidas, a utopía xa non está no mañá, xúrovolvo: a utopía non está no futuro, está no pasado, un pasado que se reanima no interior do noso pensamento, que resucita na nosa imaxinación... E agora vólvovolvo a preguntar: podeades cambiar o pasado? Podeades?

Salvador: Non funciona, avísote. Todo iso que dis non serve, como cho diría?, non é práctico... Eu pírome, marcho. Xa te amañarás.

Fidel: De acordo, espera.

Salvador: Baixas?

Fidel: Baixo (*Faino*). Por que me miras así?... Ti non estás ben... Que fai Nina?

Salvador: Ben.

Fidel: Estás ben, seguro?

Salvador: Non.

Fidel: Que che pasa?

Salvador: Non me pasa nada.

Fidel: É Nina?

Salvador: De verdade queres saber que me pasa?... O que me pasa é que teño un fillo idiota. Demasiada personalidade. O que me pasa é que te vexo aquí subido e sácasme do rego. O que me pasa é que me gustaría que deixases de dicir toladas, porque as túas toladas gústanme, si, gústanme, aínda que non o pareza, gústanme; pero tamén me gustaría que deixases de facer crer que todo che vai ben, porque sei que non che vai; que pretendas facer crer que es un home feliz, porque non o es. O que me pasa é que esta cidade fede, que ninguén non sabe se vai calor ou se vai frío. Sabes que?, o que me pasa é que odio aos turistas e especialmente aos xaponeses, e ás máquinas de fotos dos xaponeses, o que me pasa é que teño almorras e dóenme as costas, e deixei de fumar, o que me pasa..., o que me pasa é que che quero dar unha puñada no estómago.

Fidel: Abrázame.

Salvador: Quero darche unha puñada no estómago.

Fidel: Abrázame.

Salvador: Non podo máis.

Salvador dálle unha puñada no estómago a Fidel. Fidel cae ao chan.

Un longo silencio.

Fidel incorpórase un pouco, senta no chan... Lentamente, saca unha folla verde, dobrada, dun peto e dálle a Salvador.

Salvador: Que é iso?

Fidel: Un agasallo. É un dos meus contos.

Salvador: Unha cor un pouco estraña.

Fidel: A cor da esperanza. Irache ben, axuda a ver as cousas doutra maneira. Repartino hoxe na clase.

...

Salvador: Sángrache o nariz. Ven, ergue. Toma o meu pano...Ven.

Salvador garda o papel no peto da americana e axúdalle a Fidel a incorporarse, despois abrázao...

Fidel: Que pasou?

Salvador: Púxenme nervioso,/ perdoa...

Fidel: Quero dicir antes... Cando me atopaches. Que me querías dicir?

...

Pasou algo grave, dixeches. Que pasou?

Salvador: Nada. Sabes a rapaza xaponesa, a de primeiro?, sabes quen quero dicir?

Fidel: Si. Reiko Yoshiwara, unha alumna brillante. O seu pai fará a nova torre de comunicacións.

Salvador: Desapareceu onte.

Fidel: Onte?

Salvador: Alguén a colleu por un brazo e meteuna nun coche. Víronos. Estaba aquí polo serán. Abriron unha investigación.

Timbre.

3.

Ao pé da estatua de Colón. Carles cunha bolsa de repartir pizzas. Abre unha caixa e, furtivamente, dálle un bocado a unha. Black cáchao desprevido.

Black: Desde cando a follas?

Carles: Collóns! Asustáchesme... Chegas tarde.

Black: Desde cando te follas á miña xaponesa?

Carles: Que quere dicir a *miña* xaponesa?

Black: Ti fóllala.

Carles: Non ma follo. E ti?... Vinvos onte. Non poñas esa cara, collíala do brazo. Pódese saber onde iades?

Black: Irás ao Sónar esta noite?

Carles: Ti si que estás *sonado*.

Black: Irás ao concerto ou non?

Carles: Non.

Black: Ben feito. Todos estes imbéciles disfrazados con gafas de pasta e chaquetas brillantes danme ganas de vomitar. Gústache Wainwright?

Carles: Non.

Black: Ben feito, é marica... Así que che gusta a xaponesa das minisaias, a miña xaponesiña.

Carles: Non. E aínda espero unha resposta.

Black: Pola cara que tes, fodestes.

Carles: Pregúntasmo de verdade?

Black: Sabes durante canto tempo, para millóns e millóns de persoas, a terra era plana?

Carles: Que non ma tirei, Black, hostia.

Black: É unha cuestión de perspectiva. Simple perspectiva. Colón –mírao, pobriño, todo cagado polas pombas, que ironía-, pois ben, Colón sabía que a terra era redonda... Pero fíxate agora: sinala cara ao mar, verdade? Onde está América? O dedo non apunta cara a América. Non te decataras, verdade?

Carles: Toda a perspectiva que queiras pero eu non ma tirei, xúrocho. E ti, que lle fixeches?

Black: Podemos formular todo tipo de preguntas esenciais. Por exemplo: existe Deus?, podemos viaxar no tempo?, podemos modificar o pasado?, pero a resposta sempre é relativa...

Carles: *Star Trek*. Palabras do capitán Picard ao inicio da/ segunda...

Black: Díxoo Fidel Roca en clase hoxe, imbécil... *Star Trek* é unha serie para freekes e maricas... Roca di que a realidade pódese ler de moi diversas maneiras.

Carles: Ler?

Black: É frustrante.

Carles: Que?

Black: Tantas preguntas sen resposta.

...

Por que non viñeches a clase hoxe?

Carles: Tiña que arranxar a moto, polas pizzas, as noites que non fago *canguro*, reparto, xa o sabes.

Black: Seguro.

Carles: Débesme unha resposta.

Black: Toma, le isto.

Black dálle unha folla verde, dobrada, a Carles.

Black: Vas ao ximnasio?

Carles: Non.

Black: Ben feito. Ir ao ximnasio é cousa de maricas... Se non vas ao ximnasio tes tempo de tirarte a miña xaponesa... Ten coidado.

Carles: Que queres dicir?

Black: Poderíalle pasar algo á túa moto e á túa cara tamén, ti xa me entendes.

Carles: Perfectamente.

Black: Búrlaste?

Carles: Non.

Black: Volvemos a comezar: cres que a terra é redonda?... Espera, non contestes aínda. Primeiro le iso... Agora. Quero que o leas agora. Agora. Moi ben. Cando acabes dáme unha resposta.

Carles: Teño que marchar.

Black: Agora, Carles, agora.

...

Carles: De acordo. (*Lendo*) “Había unha vez, nunha cidade de rañaceos e co mar á beira, vivía unha rapaza fráxil e discreta...” Un conto, Black, non fagas de Roca, tío, por que queres que lea un/conto?

Black: Le... Le.

Carles dubida un momento; despois comeza a ler en silencio. É un dos contos de Fidel. Black, mentalmente, conta o conto á súa maneira. Carles, evidentemente, non o escoita.

Black: A rapaza non tiña moitos amigos. Os seus compañeiros de instituto non lle facían caso, ou facíanlle rabiarse, odiábana, porque o seu pai, que era profesor de materias importantes, como filosofía ou literatura, esixíalles moito e suspendíalos sempre. Ninguén lle deixaba copiar nos exames, ninguén lle sorría, ningunha palabra amable, ningún xesto de complicidade, nada. Os rapaces non lle tocaban o cu e as rapazas, sempre que podían, roubábanlle os rotuladores, os panos ou a caixaíña da maquillaxe. Incluso, atrevéranse a collerlle un precioso Ipod branco como a neve, que Papa Noel lle regalara, non había nin un ano, quen sabe se coa esperanza de causarlle a desgraza máis forte. Aínda así, a rapaza era feliz. Si, era unha rapaza feliz. Soñaba que o día que deixase os estudos marcharía de viaxe polo mundo. Ás agachadas, cada tarde, collía o tren de curto percorrido e, en vez de ir á biblioteca ou ás discotecas de tarde, ía estudar ao aeroporto. Dáballe a sensación de que todos aqueles aviacións facíanlle chiscadelas, convidábana, dicíanlle “ben axiña virás con nós.” Estaba convencida: ben axiña, si, ben axiña levaríana á outra banda do océano, onde dicían que vivía unha xente limpa, nobre, culta, rica, libre, esperta e feliz, onde dicían que todo era tan e tan bonito. O día que cumpriu dezaioito anos, ás agachadas do seu pai, que aquel día nada máis lle pegara un pouco, colleu o porquiño dos aforros, foi ao aeroporto e mercou un billete, e tamén un novo e relucente Ipod branco de última xeración. Non fixo ningunha maleta, non pensara niso. Nun recuncho do aeroporto, comfortable como unha casa de verdade, esperaba o anuncio do seu despegue. Non había ninguén. Escoitaba unha música deliciosamente tenra e pasada de moda. Estaba contenta. De súpeto, preto dela, sentou un home estraño, falaba so, apertábase o ventre coa man, camiñaba dun lado para outro, tiña a pel moi escura e semellaba enfadado con alguén. Pasaban os minutos e cada vez parecía máis e máis enfadado. Vencendo o medo e a súa timidez natural, a rapaza ofreceulle os auriculares, quizais así se calmaría, quen sabe?, quizais el tamén voaba por primeira vez... O home escuro mirouna durante un bo pedazo de tempo, en silencio; despois sentou e escoitou aquela música de violíns e películas sen dicir ren. Parecía máis contento. E faláron: de soños, de viaxes, de países exóticos... Ela confesoulle que deixaba ao seu pai, tan nervioso, pobriño, e aos seus amigos, tan primitivos, pobriños, e que collía aquel voo que acababan de anunciar, que a levaría á outra banda do océano. Agora tiña que marchar. El parecía emocionado. “Antes de que te vaias -díxolle-, quéroche facer un agasallo. Ti axudáchesme, e eu tamén o farei. Ven comigo.” Colleuna da man e levouna ata un lavabo que había nunha esquina da sala. Alí, nunha das cabinas, deulle un bico nos beizos; despois deixouna inconsciente dun golpe seco, desabrochoulle a camisa e atouna. De fondo, o anuncio dun voo inminente cara a outra banda do océano repetíase con insistencia... O home saíu do lavabo. No peto dereito levaba o precioso Ipod, branco e relucente, e no esquerdo, a camisa tamén branca e relucente daquela rapaza rubia e xentil. Botouse a correr. Polos altofalantes repetían o seu nome, e tamén o da rapaza, xa que o Boeing 757, da compañía United Airlines 93, destino Tokyo, estaba a punto de despegar cara a Nova York aquel soleado 11 de setembro do ano 2001.

...

Carles (*que xusto acaba de ler o conto*): Que lle fixeches, Black?

Black: Agora repetireiche a pregunta. E quero unha resposta definitiva.

Carles: Que lle fixeches? Dime que non fixeches o que penso que/ fixeches.

Black: Podo saber desde cando te follas á miña xaponesa, imbécil?, desde cando?

Timbre.

4.

Comedor. Nina ten escampados os seus instrumentos de pintura. Pinta un cadro que non vemos. Entra Salvador.

Salvador: Que fas?

Nina: Pinto.

Salvador: Xa vexo que pintas, pero por que pintas aquí?

Nina: Díxencho, subiron outra vez o aluguer, tivemos que marchar do taller... É provisional, se te molesto, dismo.

Salvador: Que pintas?

Nina: Pinto a rapaza.

Salvador: Que rapaza?

Nina: A túa rapaza.

Salvador: Un autorretrato.

Nina: Pinto a rapaza da túa clase, a xaponesa. Non te achegues.

Salvador: Non podo?

Nina: Non.

Salvador: Por que pintas a xaponesa?

Nina: Pareces o meu pai.

Salvador: Perdoa.

Nina: Perdoa ti. É a manía esta das preguntas, como se quixerades controlalo todo.

Salvador: Quixerades?

Nina: Ti xa me entendes... Veña, vaite.

Salvador: Marcho, teño que encher un informe.

Nina: O meu pai tamén o facía.

Salvador: Que?

Nina: Iso do bico na noca, e a palmada nas costas. O meu pai tamén o facía.

Salvador: Ti quéresme?

Nina: Desconcéntrame.

Salvador: Marcho, non vaia ser o caso que se estragase unha obra de arte por culpa miña..

Nina: Veña, síntoo, perdoa, ven. Faime unha freta. Aquí. Así.

Salvador: Gústache?

Nina: Quérote.

Salvador: Na meixela podo?

Nina: Imbécil. Agora na outra.

...

Salvador: Agora si, déixovos, a ti e á túa xaponesa.

Nina: Non te rías.

Salvador: Sabes que? A policía pedíume un informe.

Nina: Da xaponesa?

Salvador: Carácter, notas, compañeiros habituais, rutina de cada día... Estamos preguntando aos seus compañeiros de clase. Xa ves, tocamos o mesmo tema. Non te podes imaxinar a graza que me fai pasarme un par de horas traballando niso.

Nina: Quizais poderías pasarme o informe cando o remates. Iríame moi ben.

Salvador: Non engurres a fronte.

Nina: Agora pareces máis a miña nai, que non meu pai. Sempre mo dicía: nena, non engurres a fronte, que pareces unha vella.

Salvador: E tiña razón.

Nina: Ti tamén o fas.

Salvador: Eu son vello.

Nina: E eu son unha nena de párvulos. Se o volves dicir, si que serás un vello, pero un vello maltratado... Pasarasmos?

Salvador: Teño que achegar papeis privados, cousas confidenciais,/ datos que...

Nina: Estás falando coa túa muller.

Salvador: Precisamente.

Nina: Non me gusta cando te pos así, profesoral.

Salvador: Un pouco de paciencia. Déixame ver que poño, como o fago e despois falamos. De acordo? De acordo? Nada máis un pouco de paciencia.

Nina: Agora si.

Salvador: Agora?

Nina: Agora si que pareces un vello.

Salvador: E ti unha nena malcriada.

Nina: Hai homes aos que lles gusta durmir con nenas malcriadas... Estaba boa a xaponesa?

Salvador: Non fales en pasado.

Nina: Os peitos miúdos, o van estreito, as famosas minisaias das que falaron nas noticias, a pel lisa, tirante, morena, unha pel que se mostra sen pudor, que recobre unha carne firme, dúctil, fresca. Gústache a carne fresca?

Salvador: Gústasme ti.

Nina: Pasarasme o informe?...

Salvador: Es do que non hai... Déixote que pintes.

Nina: Salvador.

Salvador: Que?...

Nina: Tes fame?

Salvador: É outro xogo?

Nina: Queres unha pizza?

Salvador: Acábome de cruzar co chaval das pizzas na escaleira. Supoño que será a cea de Roca... Non me apetecen moito as pizzas. Que che parece un chinés?

Nina: Mellor un kebab, o paquistaní de aquí abaixo fainos moi bos.

Salvador: Baixas ti?

Nina: Sabes? Dáme pena.

Salvador: Baixar dáche pena?

Nina: Roca dáme pena. Debe ser duro que unha filla marche da casa e non che diga nada en tanto tempo... Roca é un fillo de puta, de acordo, pero estou convencida que lle tería deixado ler o informe a Berta.

Salvador: Nunca tes bastante?... A ver, primeiro de todo: ti non es a miña filla. Segundo: Roca, coas súas pizzas e as súas manías, é un individuo patético.

Nina: Todo é cuestión de punto de vista.

Salvador: A súa filla deixouno porque era un individuo obsesivo, e insensible, e vai ti saber/ que máis.

Nina: Cala, a ventá está aberta, pode escoitarte.

Salvador: Veña, vai mercar un par de kebabs ao súper da esquina e, despois de cear, deixareiche ler todo o que teña feito. Contenta?

Nina: Baixo correndo.

Salvador: Tes diñeiro?

Nina: Teño... Mira que teño aquí (*Ensina unha folla verde dobrada.*)... Lin o teu conto. Moi bo... Había tanto tempo que non escribías nada! Veña, cando suba quero que me fales. Fixeches máis?... Teño vinte euros, terei suficiente, verdade?

Salvador: Que conto?

Nina: É por cousas así que sei que estou contigo. Tanto me ten que me fagas de pai, tanto me ten que me controles, que me deas bicos na noca e me deas palmadas nas costas. Quérote. Precisamente foi o conto o que me deu a idea do cadro. Ensinar a outra cara da moeda. Outro punto de vista. Ver esta rapaza, o que lle poda ter pasado, como non o veu ninguén. Di moito de ti, sabes?...

Salvador: Nina/

Nina: Cala. Quérote.

Salvador: Eu tamén.

Nina: Dedicarismo? Ven...

Salvador: Non deberíamos de xulgar á xente con tanta facilidade.

Nina: De que falas?

Salvador: O único que me veu á cabeza agora hai un momento é “patético”. “Roca é patético”. Iso si que di moito de min. Nina, creo que non me coñeces moito.

Nina: Dígoo en serio, Salvador. Este conto é xenial.

Salvador: Eu tamén o digo en serio.

Nina: Agora máis que nunca, despois de lelo, sinto que tomei unha decisión correcta, tanto me ten o que digan os teus compañeiros, e os meus, e os meus pais, é por iso polo que fago este cadro, necesítoo, porque sei que a miña mirada é posible, é correcta, porque sei que pensas realmente, porque sei quen es, nada máis por este motivo son pintora, porque sinto estes impulsos, necesito pintar este cadro, este cadro e este conto son parte da mesma cousa. Somos nós os dous, a nosa unión.

Salvador: Poste cursi... Non me gusta que me revolvas as cousas. Onde o atopaches?

Nina: Tíñalo no peto da americana. Tamén era confidencial este conto?... Non engurres a fronte.

Salvador: Nina.

Nina: Que?

...

Salvador: Nada. Así que che gustou?

Nina: Queres que cho volva dicir?

Salvador: É un bo conto.

Nina: Boísimo.

Salvador: Tanto?

Nina: O mellor que escribiches. Ven aquí. Déixame que che dea un bico.

Salvador: Teño que facer o informe.

Nina: Xa o farás. Gústame cando te pos ver/mello.

Salvador: Teño que facer o informe.

Nina: Pareces máis novo/

Salvador: Teño que facelo, de verdade.

Nina: E estas orellas...

Salvador: Nina, por favor.

Nina: Moi ben, de acordo. Mentres escribes o informe baixo ao súper e compro os kebabs.

Salvador: Téñoche que confesar unha cousa.

Nina: Que?

Salvador: Non me gustan os kebabs.

Nina: A min tampouco, pero gústame como me mira o paquistaní que mos serve.

Salvador: Es unha filla de puta.

Nina: Non, só unha nena malcriada. Pero diso se trata, non?

Timbre.

5.

Universidade. Aula.

Carles: Tocou o timbre.

Fidel: Xa ho sei. Continua, Jordi.

Carles: Teño presa. Non poderíamos deixalo para mañá?

Black: Foi a última vez que a vin, contemplaba Barcelona...

Carles: Non o vexo ben, profesor. Non me gusta. É de mal gusto.

Fidel: Continúa, dixeran.

Black: Contempla a cidade, de pé, coa súa minisaia e o seu MP3. Está no bico das Ramblas, inmóbil.

Carles: Unha rapaza xaponesa contempla a cidade.

Black: Observa a rúa, como a rúa baixa desde a montaña, recta ata o mar...

Fidel: Moi ben. E que máis?

Black: Un vento quente e suave arremuíña..., si, arremuíña as follas amarelecidas dos plátanos.

Fidel: Tres adxectivos.

Black: Atravesando o asfalto, de fachada a fachada, ringleiras apagadas de lámpadas..., ringleiras apagadas de lámpadas prometen o Nadal. Ela non o sabe. O sol está a punto de irse sobar e os cidadáns avanza, rápidos e silenciosos, como se os estafaran.

Carles: Irse sobar, que quere dicir irse sobar?, ti cres que se pode dicir irse sobar? Ou te pos cursi ou te pos vulgar. Iso é unha carallada, perdoe, profesor, pero non sei onde quere ir parar con todo iso.

Fidel: Veña ben, Jordi. Adiante. E ti cala e escoita... Por favor.

Black: Probablemente é o día que lles cambian a hora.

Carles: E que máis!

Black: A bafarada romántica do outono xusto se acaba de instalar. Olor de pastas/

Carles: Tortilla de patacas.

Black: Café.

Carles: Luras.

Black: Chocolate.

Carles: Embutidos.

Black: Case como se tiveran ordenado os olores en alternancia, de baixada, cara ao centro, e os viandantes tamén: homes de negocios/

Carles: Oficinistas.

Black: Estudantes.

Carles: E turistas.

Fidel: Sobra dicir que Barcelona é unha cidade civilizada.

...

Estádelo facendo moi ben. Que pasa cos turistas, Carles?

Carles: Non o sei... Os turistas van máis lentos e en manga curta, os barceloneses máis apurados, con abrigo.

Fidel: Vai frío?

Carles: É difícil de dicir... Os primeiros fan caso aos soños, os segundos aos calendarios.

Black: E agora? Quen é o cursi agora?

Fidel: E ela?

Carles: Ela que?

Fidel: Onde está ela?

Black: Ela... Coa súa blusa e as súas minisaias, está no medio da riada.

Fidel: Que pensa? Que fai? Sede máis precisos.

Carles: Pensa que a nosa cidade é sucia.

Black: Marabillosa.

Carles: Barcelona non lle gusta.

Fidel: Por que?

Black: Canta.

Carles: Non canta, remoe.

Black: Move os beizos. Non sabemos que di.

Fidel: Move os beizos, non sabemos que di, moi ben, e despois que?

Carles: Despois?

Fidel: Si, despois que fai?

Black: Despois desaparece... O meu pai di que a secuestraron, ou peor.

Carles: Manda carallo!

Black: Dixérono os diarios, “probable secuestro”, “a filla do arquitecto”, todos, na primeira páxina.

Fidel: Precisamente, Black.

Black: Que?

Fidel: Dixérono os diarios.

...

Agora pensa que Reiko é a protagonista dunha ficción. Unha ficción, lémbraсте, verdade?

Carles: Hai que dinamitar a superficie dos titulares... E agora, profesor, podemos saír?

Timbre.

6.

Universidade. Vestíbulo. Fidel e Black.

Black: A universidade, o vestíbulo da universidade... Un gran vestíbulo, o vestíbulo dun edificio antigo e solemne.

Fidel: Quedóuseche o costume.

Black: Que queres dicir?

Fidel: O costume de describir as cousas así, desta maneira. Non estamos en clase.

Black: Non o entendo, de que maneira?

Fidel: Pomposa.

Black: Pomposa?

Fidel: Si, pomposa.

Black: Iso é pomposo?... Arcos oxivais e columnas dóricas: unha bela tensión entre a tradición católica e o espírito pagán.

Fidel: Non está mal, pero as columnas non son dóricas.

Black: O espazo, suntuoso, é profanado por murais atestados de papeis e chin/chetas.

Fidel: Vitrinas de anuncios. Mostradores abandonados... Cando entras por primeira vez, intimida... Recordo cando/

Black: Resoan gritos que non se sabe de onde veñen: da rúa, dos corredores iluminados e fríos que asoman ao átrio, do patio axardinado que se intúe ao fondo... Sentado nun banco de pedra, cuberto cun vello abrigo de cidadán respectable, o profesor... Vostede.

Fidel: É un abrigo normal/

Black: Diante seu, inqueda, baila na criba, Jordi Serra, tamén chamado, Black. É dicir, eu.

Fidel: Moi ben, pero ten coidado cos adxectivos... Gústame o teu punto de vista, é un punto de vista externo.

Black: Que quere dicir externo?

Fidel: Externo a ti mesmo... Onde estabamos?

Black: Cando?

Fidel: Antes, antes das columnas dóricas, a tradición católica e toda a mandanga.

Black: Estabamos no cuarto punto do seu relatorio.

Fidel: O cuarto... De acordo. Un pensamento orixinal. Onde está o problema?

Black: Vostede coñece ao meu pai. Sempre fai o mesmo: un pensamento orixinal, un pensamento

que nunca fora pensado, pódeme dicir un pensamento que nunca fora pensado? Pídello a todo o mundo, á miña nai, ao porteiro, aos amigos, ao vendedor do estanco, a todo o mundo, o meu pai cada día do mundo, desde hai máis de vinte anos, fai a mesma pregunta, seis ou sete veces como mínimo cada día, un pensamento orixinal, pódeme dicir un?, os veciños evítano, cando se atopan con el no ascensor é unha tortura, as comidas de Nadal son monotemáticas, incluso o coñecen as das billeteiras do metro, pero non espera ningunha resposta, por que unha resposta?, non me faga rir, a preguntíña do meu pai é unha pregunta retórica, el está plenamente convencido de que ninguén lle dará unha resposta, sabe que ninguén lle dirá nada, que todo o mundo mirará para el con cara de irlle pedir un préstamo ou de mendigar un aprobado no exame final, e el sentirase ben, seguro, dominante, admirado.

...

Todos os pensamentos que tivemos e que poidamos ter, todos, absolutamente todos, foron pensados, son pensados e serán pensados millóns de veces por outras persoas. Pensar un pensamento por primeira vez é case imposible... De aí a tristura. Xa o ve: debeu crer que vostede lle roubou a idea.

Ruído de pasos. Fidel incorpórase e espera cunha certa tensión. Os pasos afástanse tan misteriosamente como apareceron.

Black: Debeu crer que vostede lle roubou a idea... Sabe que faría eu? En caso de publicalo, inventaríame outro. Se atopou dezanove razóns, tamén pode atopar outra. Un motivo máis para xustificar a tristura do pensamento.

Fidel: Jordi, ás veces non sei se es superdotado ou es idiota.

Black: Grazas.

...

Tivo algunha vez, vostede, un pensamento orixinal?... Non, non, non me mal interprete, non é unha pregunta impertinente, perdoe, xa sabe como o admiro, profesor, dígoo polo meu pai. Interésame moito a súa opinión. Non é preciso que me conteste agora, xa mo dirá, pero péneo un pouco, a súa opinión é importante para min... O meu pai pídello a todo o mundo, a todo o mundo, menos a min, enténdeo? A todo o mundo menos a min... Pero o día que o faga estarei preparado. Teño unha resposta. Un pensamento orixinal para o meu pai. Téño.

...

Fidel: Vai calor.

Fidel saca o abrigo. Debaixo, a camisa de Tintín.

Black: Sacouno, dentro?, o abrigo quero dicir, tamén o sacou? Merda. Non se decata?, os da casa xa o coñecen, pero quizais o resto dos membros do tribunal atoparan un pouco, non sei, un pouco extravagante, vostede xa me entende.

...

Cando fomos co meu pai e Nina a Escocia, agora hai dous anos, lembra?, entrei en todas as tendas de licores do país. O meu pai pensou que me alcoholizara. O pobre propuxera a viaxe para que nos coñecéramos mellor, Nina e eu, xa sabe que quero dicir... Estaba enfadado, notábaselle, seguro que pensaba que a súa noiva estaba facéndose unha mala imaxe de min, e canto máis enfadado o vía, eu, bastonada, entraba nas tendas e pedíalles unha botella de “Loch Lomond”... Non me diga que non é unha boa idea? Quería unha botella como as do capitán Haddock, “Loch Lomond”, un auténtico “Loch Lomond”... Sabe que ninguén sabía de que lle falaba? Enfadeime..., aquel whisky existía por collóns... Se non o atopaba, sería como recoñecer dunha maneira cruel, besta, moi besta –xa o sei, teño que controlar os adxectivos-, sería como recoñecer que o mundo de Tintín non era real, que nada máis existía na miña imaxinación... Sabe os debuxos animados de Tintín?, non soporto os

debuxos animados de Tintín, con aquelas voceciñas, “capitán, capitán”, só de pensalo xa me cabreo, Tintín non é un boneco con voceciña distorsionada de dobraxe infantil, é un adulto real, quero que o sexa, cando leo Tintín imaxino mundos reais, non vexo debuxos... Vostede enténdeme, verdade que si?... O último día pasamos por Edimburgo e alí, nunha pequena tenda preto do castelo, aténdeme un homiño e dime: “si, si, claro que si, “Loch Lomond”, é un *blended*.” É moi estraño, penso, é moi estraño que o capitán beba un whisky de segunda, un *blended*, unha mestura, e lánzome e fágolle unha chiscadela e dígolle: é o whisky do capitán Haddock, Tintín, xa sabe... Laméntoo, señor, di o homiño, non sei de que me fala... O tío cobroume estoicamente como se acabase de vender uns chourizos...

...

A destrución progresiva dos mitos da infancia. Aquí ten un cuarto motivo, o cuarto motivo para a tristura da existencia. Que lle parece?

Fidel: Hai moito que non ves a miña filla?

...

Chámoa e non me contesta. Ao mellor cambiou de móbil.

Black: Non o sei.

Fidel: Pódoche facer unha pregunta? Gustábache realmente a miña filla?... Plantoute ela ou rompiches ti?

Black: Foi unha ruptura compartida, como as custodias de agora.

Fidel: Non é un pensamento moi orixinal.

Black: Só era un chiste.

Fidel: Refírome a iso dos mitos.

Black: Que?

Fidel: A destrución dos mitos da infancia. O paraíso perdido. Todo ese bla, bla, bla... Tintín e todo iso. Non é un pensamento moi orixinal, fillo.

Black: Paréceme que houbo un malentendido.

Fidel: Que malentendido?

Black: A resposta que teño preparada para o meu pai non é esta... Teño outra. Un pensamento realmente orixinal... Quéreo saber?

Un novo ruído de pasos parece anunciar o fin dunha longa espera... Falsa alarma outra vez.

Black: Quéreo saber?

Fidel: E Nina?

Black: Que pasa con Nina?

Fidel: Sabes se Nina falou ultimamente?

Black: Non o entendo.

Fidel: Sabes se Nina falou ultimamente coa miña filla?

Black: Nina coñecía a Berta?

Fidel: Por que falas en pasado?... É a súa mellor amiga.

Black: Non teño unha boa relación coa muller do meu pai.

Fidel: É guapa.

Black: Nina?

Fidel: Si.

Black: Vostede cre/ que...

Fidel: E lista.

Black: Seguro.

Fidel: Gústanche as rapazas, Black?...Velaí un cuarto motivo: as rapazas. O cuarto motivo da tristura da nosa existencia. As rapazas.

Outra vez pasos, desta vez o ruído non se afasta. Chega alguén: Salvador, apurado e coa cabeza baixa, avanza en dirección á porta principal. Black pónselle diante.

Salvador: Jordi, que fas...

Black: Esperabámoste.

Salvador: Fidel, aínda estás aquí?

Fidel: Ti que cres?

...

Salvador: Non foi ben... Síntoo...

Black: Que quere dicir que non foi ben?

Salvador: Cren que o de Madrid é mellor candidato... A súa exposición era máis, non sei... Iso teu está ben, pero non os acabou de convencer, por que dezanove motivos e non vinte?, un pouco collido polos pelos, pouco orixinal, pouco orixinal, Fidel, iso da tristura... Veña, non o tomes a mal, non te enfades, non te preocupes, dígocho en confianza, a min interesoume moito, tes que pensar que o tribunal sabe que o ano que vén hai unha nova convocatoria.

Fidel: Non me preocupo.

...

Salvador: Imos, fillo, Nina espéranos para xantar, gustaralle moito que veñas.

Black: Sábeo?

Salvador: Será unha sorpresa.

Black: Mercarei unha torta.

Salvador: Non é domingo.

Black: Máis orixinal aínda. Adeus, profesor. Síntoo.

Salvador: Unha cousa.

Fidel: Si?

Salvador: Unha pregunta. Poderíasme dicir, Fidel, poderíasme dicir un pensamento que nunca pensase ninguén? Un pensamento verdadeiramente orixinal. Pódesme dicir un?

...

Por certo, moi bonita a camisa.

Timbre.

7.

Piso de Ona. O choro dun bebé. Carles tápase as oellas e pecha os ollos.

Carles (*case gritando*): Había unha vez... Había unha vez... Había unha vez un neno que estaba namorado...

O choro para.

Sabes que quere dicir namorado?... A túa nai volverá axiña, sempre volve á mesma hora, podemos...

Choro outra vez.

Tranquilo, tranquilo, cóntoche o conto... Cóntocho ou non cho conto?

O choro para de novo. Carles saca unhas follas verdes do peto, leas por riba rapidamente e vólveas gardar. Comeza.

A rapaza era guapa, unha rapaza coas pernas longas, o cabelo negro e os ollos amendoados, unha rapaza guapa de verdade, exótica... Pois ben, a tía, a rapaza, sorría ao rapaz, e faláballe, e xantaba con el, a verdade é que era estraño, porque o rapaz, que che parece se lle poñemos un nome, como?, Jordi paréceche ben?, perfecto, pois todo o mundo pensaba que Jordi era un pouco rariño, incluso un pouco agresivo, quero dicir que tiña mala baba, listo pero con mala baba... A rapaza, non sabemos por que, a rapaza vía dun xeito diferente, vía desde outro pun-to-de-vis-ta... Resulta, porén, que o pai do rapaz, porque o rapaz tiña un pai que mandaba moito, pois que o pai do rapaz non vía con bos ollos aquela historia, que saísen xuntos, ti xa me entendes, o pai era un pouco cabronazo, sempre traballaba, e cando vía ao fillo, nada máis lle berraba e lle reñía, ata que un bo día a rapaza cansou, pirouse, marchou, bye, bye, e Jordi quedou moi triste e moi so, tan e tan triste, que se puxo malo, moi malo... Durante días e días non saía da cama, e os médicos non sabían que tiña, ata que ao cabo de tres lúas, tres meses máis ou menos, veu un tío moi sabio e dixo que o rapaz curaría se poñía a camisa dunha persoa feliz.

...

Cando Jordi o escoitou, aí o tes que me enche unha mochila e se pon a percorrer o mundo e a preguntar a todo deus, quero dicir a todo o mundo que atopa, se é feliz, e todo o mundo, toda a xente, cóntalle penas e desgrazas, males de amor, angustias laborais, conflitos familiares, resulta que todo o mundo sofre unha pena ou outra, e o tipo cabréase e cólleos polo colo e insiste, e sacódeos, resulta que ninguén é feliz, como pode ser que ninguén sexa feliz?, como pode ser? Xa non sabe que facer, percorreuno todo, o deserto, os pobos, as selvas, as montañas e o mar, está desesperado. Finalmente, decide volver a casa: camiña días e días, atravesa terras e océanos, ata que ve ás portas da súa cidade, un *Benvinguts* da Coca-Cola, xigante, nunha casa de quince pisos, e ao pé da Coca-Cola atópase unha moza que sorrí, e a rapaza ten as pernas longas e o cabelo negro e os ollos amendoados e parécese moito, moitísimo á súa noiva, pero pasou tanto tempo que Jordi xa non recorda a cara da súa noiva e pénsase que é ela e achégaselle e abrázaa e dálle un morreo, dálle un bico, e pregúntalle se é feliz, si é feliz agora que están xuntos, e ela di que si, e cando di que si, Jordi pídlle a camisa, e ela dille que de que vai, que vai moi embalado, e el insiste, e entón ela quita a chaqueta, e debaixo da chaqueta leva unha camiseta d'Iron Maiden, non sabes que é Iron Maiden, no pasa nada... A rapaza non leva camisa, non, non leva camisa, e el que perde o control e dálle un golpe e déixaa desvanecida no chan, eponse a correr e, cando atravesa a rúa, atropélao un camiión.

...

O camioneiro baixa, chora, non entende porque aquel rapaz se lle tirou enriba, precisamente hoxe que as cousas lle ían tan ben. Desabróchase, saca a camisa. E coa súa camisa branca e suada tapa con moito coidado aquela carne deforme e sangrenta que está entre as rodas e o asfalto. Xa está.

Silencio. Ningunha resposta, ningún son da habitación do lado.

Mirando de non facer ruído, comeza a revolver o piso: abre carpetas, mira fotos, rexistra caixóns, ole a roupa... De súpeto, alguén fai xirar unha chave na pechadura da porta. Carles senta e fai como se lera algunha cousa. Entra Ona.

Ona: Que tal?

Ona saca a chaqueta e desfai o peiteado sinuosamente. Senta á beira de Carles. Carles suspira profundamente. Ela non se decata.

Ona: Perdoa que chegue tan tarde.

Carles: Non pasa nada.

Ona: Dorme?

Carles: Si, xa fai rato. Non se queixou nada hoxe.

Ona: Grazas, es un sol. Canto che debo?

Carles: Xa o amañaremos.

Ona (*dálle un bico na meixela*): Grazas.

Timbre.

8.

Universidade. Aula.

Black: Viaxar ata o pasado, non, seguro que non, Reiko aínda forma parte do noso presente... Nosoutros podemos modificar o pasado mentalmente, iso xa o temos claro. Agora ben, e se puidésemos viaxar ao pasado co noso corpo físico? Que pasaría?.. Se puidésemos viaxar ao pasado, os efectos colaterais resultarían difíciles de predicir. Para que me entendades: calquera inxerencia nosa en épocas pretéritas comportaría reaccións imprevisibles no futuro, reaccións en cadea. Sen querer, poderíamos cambiar o destino da humanidade, o curso da historia...

Carles: Moi hábil, unha maneira moi hábil de esquivar o tema. E Reiko que?

Fidel: Deberías evitar as frases feitas.

Black: Que frases?

Fidel: O curso da historia, o destino da humanidade, este tipo de cousas, xa sabes.

Black: Imaxinádevos agora que vos trasladades no tempo ata o 11 de setembro de 1714, aquí, en Barcelona, a gran batalla, Borbóns e Austrias, o destino dunha nación está a punto de decidirse.

Carles: Outra frase feita.

Black: Ti cala.

Fidel: Continua.

Black: 11 de setembro de 1714. Só vosoutros sabedes, *privilexiadamente*, como acabará a cousa. Ou non? Supoñede que levades con vosoutros un par de metralladoras automáticas e unha boa restra de municións. Ben situadas farán que os Borbóns non gañen o sitio de Barcelona. Perfecto. Efectos colaterais? Seguro... De acordo, hoxe non teríamos ningún monumento ao Cemiterio das Moreiras, quizais Cataluña sería un estado independente... Pero imaxinemos que unha das trinta mil balas dunha das dúas metralladoras matou a alguén que antes, antes que viaxarades, non morrería, e que este alguén é o pai, do pai, da nai, do pai do voso propio bisavó... Non teríades nacido... E se non nacestes, como puidestes ir ao 1714 a cambiar o curso da historia?... Imaxínade agora/

Soa o timbre. Carles érguese.

Black: Nin o intentes, non acabei aínda.

Volve soar o timbre. Carles mira a Black de fronte e sae. Fidel recolle as súas cousas.

Black: Non acabei aínda. Non acabei aínda.

Timbre.

9.

Reiko.

Reiko: Perdoa a esta rapaza, señor, eu recompoñerei o xerro. Non vos preocupedes, ninguén distinguirá o xerro roto do resto... Así falou o sabio Tanaka, e o emperador, contento e convencido, levouno á grande sala dos xerros imperiais. Entón pasou unha cousa sorprendente: Tanaka sacou o velo que cubría os dezanove xerros enteiros dun tirón seco. Todos caeron polo chan, todos se romperon. Mil anacos estridentes... Unha habitación baleira... Unha paisaxe desoladora... Un grito... O emperador abriu a boca. Despois pechouna. Despois ruxiu, bufou... Señor, dixo Tanaka, algún día, estes dezanove xerros teríanlle custado a vida a dezanove persoas máis. Condéname agora a min por todos eles e estarei contento de tervos aforrado dezanove sentenzas... O emperador, avergoñado, entendeu a lección e perdoou ao seu fiel servente, e tamén á rapaza que rompeu o primeiro xerro.

...

Por que non me deixades marchar, señor?

...

Rompín algún xerro?

...

Fidel entra. Leva unha bandexa con comida. Detense.

Reiko: Pódovos contar máis contos, se queredes... Apréciovos, señor, pero gustaríame ir ver ao meu pai.

Timbre.

ACTO II

UNHA NOITE NA CIDADE

10.

Nina sentada diante do seu lenzo. A pintura, cuberta cun trapo. Salvador, tombado no sofá, dorme. Ronca. Nina tuse, move unha cadeira... Nada que facer. Unha engurra vertical atrávesalle a fronte.

No piso do lado, alguén puxo música; unha música que, ata que non se indique o contrario, subirá progresivamente de volume.

Nina colle un trapo sucio e guíndallo á cara a Salvador. O home esperta.

Salvador: Que pasa?

Nina: Saímos a cear?

Salvador: Quedei durmido.

Nina: Teño fame.

Salvador: Durmía.

Nina: Roncabas.

Salvador: Síntoo/, pero...

Nina: Estou acostumada, non te/ preocupes.

Salvador: Que che deu con iso de comer fóra? Cada día o mesmo. Non teño fame.

Nina: Non tes fame. Tamén estou acostumada a iso. De vez en cando gústame saír. Un marroquí?

Salvador: Ven ao sofá... Veña, ven, aquí, á miña beira.

Nina: Teño traballo.

Salvador: Que traballo? Non iamos saír?... Veña, ven, como te peiteaches hoxe? Gústame... Pódese saber que miras? Deixa estar a fiestra. Mírame. Poderíamos intentar facer algunha cousa.

Nina: Exactamente.

Salvador: Exactamente que?

Nina: Facer algunha cousa.

...

O paquistaní ten unha noiva.

...

Salvador: Quizais é a muller da limpeza.

Nina: Non vai vestida como unha muller da limpeza.

Salvador: Como van vestidas as mulleres da limpeza?

Nina: Chegará ás dez, sempre chega ás dez. Antes de entrar comprobará que ninguén a seguiu. Está un par de horas e despois sae correndo, día si, día non, sempre igual, á mesma hora.

Salvador: Vexo que o tes todo controlado.

Nina: Sempre o vexo, sempre estou aquí para velo.

Salvador: Estou canso.

Nina: E que se supón que podemos facer se estás canso?... Desde aquí parece unha cidade bonita. Para saír polas noites quero dicir.

Salvador: Esta cidade tan bonita xa non é o que era... Miras a rúa, moi ben, que ves?

Nina: Xente.

Salvador: Turistas, turistas imbéciles. Beben sangría e fotografan Gaudí. A eles tamén lles parece bonita a cidade.

Nina: Grazas.

Salvador: Ti non es turista, es estranxeira, non é o mesmo... Estou ata os collóns destes veciños. Ti viches como poñen a música?

Salvador peta na parede.

Nina: Non petes na parede!

Salvador (petando): Queremos durmir!!

Nina: Creo que vou saír.

Salvador: Espera... Espera, por favor. Non me gusta a comida marroquí, xa o sabes.

Nina: Seino.

...

Salvador: Volveron subir o volume.

...

Salvador (volve petar): Hostia, puta, coño! Un pouco de respecto! Isto era unha cidade civilizada antes!!

Nina: Cala, por favor, non petes máis.

Salvador (petando aínda): Queredes parar dunha fodida vez!! Collóns de Deus e da nai que vos vai parir a todos!!... Volveron a subila.

Nina: Onde vas?

Salvador sae da habitación. Ao cabo dun breve intre, óese a súa voz no piso do lado. Grita, ameaza, insulta. A música detense.

Nina pon a chaqueta e colle o bolso. Espera...

Salvador entra. Silencio.

Nina: Eles tampouco son turistas.

...

Salvador: Síntoo.

Nina: Sabes por que me custa tanto pintar este cadro?

Salvador: Por que?

Nina: Mesturo a xaponesa desaparecida, a rapaza do conto e a noiva do paquistaní. E ao final véxome a min mesma. Despois, pónolle a cara do paquistaní ao home do teu conto. E ao final véxote a ti. Hai algo que non me cadra.

Salvador: Que silencio de súpeto, non che parece?

Nina: Cando escribiches o conto, que pensabas?

Salvador: Non deberías de pensar no conto, pinta a rapaza e basta.

Nina: Parece como se este conto o escribira outra persoa. Non te recoñezo. Agora marcho. E penso facelo a miúdo a partir de agora: día si, día non, sempre á mesma hora. Unha aventura fantástica... Sabes unha cousa?

Salvador: Que?

Nina: Ás veces fasmé pensar no teu fillo.

Salvador: Jordi?

Nina: Cantos fillos tes?

Salvador: Se queres saio e pídolles perdón. Estaba nervioso.

Nina: Gustaríame saber por que? Por que estás nervioso? Pasouche algo?

Salvador: Veña, saiamos a cear.

Nina: Agora xa non é necesario.

Salvador: Quero comerme un prato inmenso de cuscús, veña, saiamos, e cando volvamos de cear espíaremos á noiva do paquistaní, que che parece?

Nina: Teño traballo.

Salvador: Que traballo? Mirar pola fiestra é o teu traballo?

Nina: Que silencio de súpeto, non che parece?

...

Salvador sae.

Timbre.

11.

A carnicería do súper. Salvador, diante do mostrador. Todo lle resulta estraño: os olores, as cores, as persoas, como se cambiara de continente. Non lle fixo falta un avión para chegar, só cruzar a rúa. É unha sensación excitante. E non lle gusta. Entra Baba.

Baba: Vostede dirá.

Salvador: Jordi...

Baba: Como?

Salvador: Perdón.

...

Confundino con outra persoa...

Baba: Que quere?...

Salvador: Dous diso.

Baba: Dous kebabs?... En prato ou para levar?

Salvador: Para levar... Non me poña salsas, por favor.

Baba: Póñolle cebola?

Salvador: Como?

Baba: Póñolle cebola?...

Salvador: Perdón, non pode nin imaxinar o moito que se lle semella ao meu fillo... Si, póname cebola. Hai moito que vive aquí?

Baba: Como di?

Salvador: Dígoo polo pronome feble... “Póñolle cebola?” Outro diría, non sei, “lle poño cebola no bocadillo?” ou directamente “cebola?”

Baba: Non sei se o sigo, e non é un bocadillo.

Salvador: Non fai falta que me siga, refírome ao catalán, ninguén lle dixo que fala moi ben o catalán?

Baba: Son catalán.

Salvador: Si, claro, “quen vive e traballa en Cataluña é catalán.”

Baba: Nacín aquí.

Salvador: Eu tamén...

Baba: *Póñolle* tomate?

Salvador: Si, *póñolle*, iso é. Póñame, logo. Como cambiou o barrio...

Baba: Eu sempre o vin igual.

Salvador: Cantos anos ten?

Baba: Uns cantos menos que vostede.

Salvador: *Touché*. Vivo aquí enfronte.

Baba: É estraño.

Salvador: Por que?

Baba: Non viven moitos *cataláns* aquí... Non o vira nunca.

Salvador: É a primeira vez que entro.

Baba: Seino.

Salvador: A rapaza desaparecida viña aquí, verdade?

Baba: Como di?

Salvador: Saíu nos diarios. Unha rapaza xaponesa, hai días que ninguén sabe onde está.

Baba: Sei a quen se refire.

Salvador: Era veciña nosa.

Baba: Vina catro ou cinco veces.

Salvador: Faloulle?

Baba: Sempre falo cos clientes... E vostede?

Salvador: Eu que?

Baba: Coñécea?

Salvador: Era alumna miña.

Baba: Non parece un profesor.

Salvador: Traballo na universidade.

Baba: Quere algo máis?

Salvador: Non.

Baba: Encantado de coñecelo. Xa sabe onde estamos. A miña casa é a súa.

Salvador: Por que non parezo un profesor?

Baba: É estraño ver un profesor de universidade perdendo a carne do kebab polo cu da papelina.

Salvador: Merda...

Baba: Súboselo algo máis da rapaza?

Salvador: *Súboselo algo máis*... Non, non soubemos nada máis. E ti? Soubeches algo máis?

...

Baba: Non. Por que o di?

Salvador: Gústanche as mulleres guapas, verdade?... Coñezo a túa noiva.

Baba: Que noiva?

Salvador: Está boa, eh?

Baba: Non o sigo.

Salvador: Que manía con seguirme... Sei moi ben cando a unha tía lle vai a marcha.

Baba: Non fala como un profesor de filosofía.

Salvador: Como sabes que imparto filosofía?

Baba: En Paquistán, diríamos que *fala* como un can da Índia.

Salvador: Como sabes que imparto filosofía?

Baba: Eu tamén coñezo a túa noiva... Como dis?..., unha tía boa, si señor, boa de verdade...

Salvador: Que noiva?

Baba: Vaia, *vexo que non me segues*, é moi simpática Nina. E está boa.

Salvador: Como sabes que imparto filosofía?

Baba: Sei quen es, sei que fas, sei moi ben cando a unha tía lle vai a marcha.

Salvador: E que se supón que fago?

Baba: Falo cos clientes, con Nina tamén, non sempre ten fame cando baixa.

Salvador: Meu fillo, creo que esta conversa xa tocou fondo.

Baba: Non son o seu fillo. Os kebabs son un agasallo da casa, e agora lárguese a fume de carozo, faga vostede o favor, teño que pechar. Fíxese como o dixeran: *a fume de carozo*. O *faga vostede o favor* é de propina, pura retórica.

Salvador: Só unha pregunta, *fillo*.

Baba: Que?

Salvador: Poderíasme dicir un pensamento verdadeiramente orixinal?, un pensamento que nunca pensara ninguén? Poderías? De verdade poderías?

Timbre.

12.

O piso de Ona. Fidel e Ona.

Fidel: Sinto vir a súa casa a estas horas... Pero vexo que leva o abrigo/

Ona: Non se preocupe.

Fidel: É que é urxente, e mañá/

Ona: Xa lle dixeran que non se preocupe, xa me esperarán, non pasa nada por dez minutos... Por outro cliente que non fose vostede non o faría... A ver, non ten ningunha outra conta con nós. Deume todas as cartillas de aforros?

Fidel: Si.

Ona: Gústame a súa camisa.

Fidel: Como di?

Ona: A camisa.

Fidel: Grazas.

Ona: Asine aquí... O meu fillo, esta mañá, contoume un conto, á súa maneira, sabe?, é pequeno, pero deféndese, non sei de onde lle vén todo iso, pero sabe contos, contos estraños para a súa idade, algúns de sangue e tripas, e cóntamos á súa maneira, gústame e desacóugame, non sei... Pois o meu fillo contoume o conto da camisa do home feliz, sabe que conto quero dicir?, si, o conto no que un home busca outro home que sexa feliz e pídelle a camisa e resulta que non ten, si?, pois contábamo e mentres pensaba, como sería a camisa dun home feliz?, e non podía imaxinarme unha camisa que non fose branca, e non quería que fose branca, non sei por que, e agora cando o vin entrar pensei, mira, esta podería ser a camisa dun home feliz, porque seguro que vostede é feliz, é feliz, verdade que si?, perdón, ao mellor me meto/ onde...

Fidel: Estou seguro que me entendería co seu fillo. Eu tamén teño unha filla.

...

Ona: Está seguro que quere sacar todo o seu diñeiro?

Fidel: Si, por favor.

Ona: Quere que fagamos unha transferencia por internet?

Fidel: Non, un talón irame ben.

Ona: Un talón.

Fidel: Si.

...

Ona: Teño un talonario da oficina na casa... Non é moi habitual... Pero non hai ningún problema...
Marcha do barrio?

Fidel: Nunca mellor dito.

Ona: Pola cara que pon, vai a mellor. Baixamos xuntos?

Fidel: Sabe que? Ten razón, son feliz... Necesita algo máis?

Ona: Si, unha cousa.

Fidel: Pensaba que xa lle asinara todo.

Ona: Si.

Fidel: E entón?

Ona: Antes de marchar, do barrio quero dicir, antes de marchar... Ao mellor podería regalarme a súa camisa...

Timbre.

13.

O Fossar de les Moreres (Cemiterio das Moreiras). De noite. Carles e Black, sentados nun banco. Carles enche o chan de cascas de pipas.

Carles: Acabo de ver ao teu pai.

Black: Podes parar coas pipas? Hostia, que noxo!, non está ben iso que fas, estamos nun cemiterio.

Carles: É unha praza, e non me toques os collóns que esta noite xa tiven bastante.

Black: Non é unha praza, é un cemiterio. Aquí repousan os heroes da patria... Agora os nenos mouros xogan á pelota.

...

Así que acabas de ver ao meu pai?

Carles: Si...

Black: Sabes que é aquilo?

Carles: Que?

Black: Unha chama perpetua.

Carles: Roca di que abusas dos adxectivos.

Black: Dise así, imbécil: chama perpetua. Onde estaba o meu/ pai?

Carles: Non che parece que a clase de hoxe foi un pouco estraña? Sabes que lle pasa a Roca ultimamente?

Black: Non, non o sei, pero imaxina unha cousa... Imaxínate que te podes trasladar no tempo, aquí, en Barcelona, neste cemiterio, o once de setembro de 1714, imaxíno, que ves?

Carles: Non. Non. Aquí non, en clase aínda, pero aquí non. Basta. Xa estou farto de toda esta merda. Basta de contos. Basta. Estou ata o moño, non me interesan as túas historias, é a última vez que quedamos, sei cal é o teu problema e non quero saber/ nada máis.

Black: Cala ou douche unha hostia...

Carles: Fasme dano.

Black: O outro día non me deixastes acabar.

Carles: De acordo. Mortos. Vexo mortos.

Black: Hai un home, un home cunha pa, que fai?

Carles: Un home/ cunha...

Black: Un home cunha pa. Que fai?

Carles: Enterra.

Black: Enterra que?

Carles: Enterra os mortos.

Black: Enterra os heroes. E que máis?

Carles: Non sei.

Black: Sábeo todo o mundo, collóns, sábeno os nenos de párvulos, sábeo o puto paquistaní da esquina, non o sabes?

Carles: Non sei que máis, non me gustan os cemiterios.

Black: Atopa o cadáver do seu fillo.

Carles: Queres dicir que o seu/ fillo está...

Black: Quero dicir que o seu fillo está morto, atopa o cadáver do seu fillo. E agora que fai?

Carles: Chora?

Black: Cúspelle na cara. É un traidor.

Carles: E el como o sabe que é un traidor?

Black: Leva o uniforme dos Borbóns. Traizoou a patria. Agora imaxínate o home. Imaxínate que ti es o home, que de súpeto fixécheste vello, moi vello, que o teu fillo está morto, que o cabrón do teu fillo está morto... Que fas?

Carles: Cúspolle na cara.

Black: Moi ben, vólveslle a cuspir, xa van dúas veces. Que máis fas?

Carles: Non sei.

Black: Non sei non sei non vale... Entérralo?

Carles: Téñome que ir.

...

Black: Tes un dilema, verdade?

Carles: Un dilema?

Black: Un dilema.

Carles: Que dilema?

Black: Tes un dilema, Carles.

...

Non sabes que facer.

...

Entérralo cos heroes ou deixas que os corvos o devoren, que fas?

Carles: Marcho.

Black: Ti es estúpido ou falo?

Carles: Fasme dano.

Black: Que farías?

Carles: Dixen que me vou.

Black: Non queres saber como acaba a cousa?

Carles: Como/ acaba...

Black: Como acaba a cousa.

Carles: Que cousa?

Black: De que falamos?, ti de que cres que estou falando todo o tempo?

Carles: Non sei.

...

Black: Esganeina.

Carles: Que?

Black: Non é iso o que querías saber? Esganeina, así de fácil, coa minisaia. Esganada. Morta... Levaba unha minisaia ridícula. Esganeina coa minisaia e enterreina.

Carles: Esganáchela.

Black: Si.

Carles: Colliches a minisaia / e entón...

Black: Esganeina, si, así. Agora xa o sabes... Agora ti tamén o sabes.

...

Carles: Enterráchela aquí?

Black: Aquí?

Carles: Si, / aquí.

Black: Ti ves que haxa terra aquí? Ves que se poida enterrar alguén aquí?

Carles: /Quero dicir que...

Black: Es un imbécil. Un imbécil rematado.

Carles: Hostia, puta, estasme facendo dano.

Black: Tranquilo, non te matarei. Ti non es dos que traizoan aos amigos, verdade que non? Verdade que non?

Carles: Non.

Black: Ao mellor es un traidor.

Carles: Non.

Black: Non te escoito.

Carles: Non son ningún traidor.

Black: Así me gusta... Enterreina na Ciutadella, á beira do valo do zoo.

Carles: Por que?

Black: Acababan de remover a terra, a terra/ estaba branda e....

Carles: Por que a mataches? Por que?

Black: De verdade que liches o conto que che dei?

...

Non me verás durante unha boa temporada... Déronme unha beca Erasmus, quero facer un curso de ética na universidade de Frankfurt. Sabes que fai o vello?

Carles: O teu pai?

Black: O enterrador, idiota, o home da pa.

Carles: Que fai?

Black: Deixa que o fillo podreza, que os corvos lle arrinquen os ollos... Un traidor é un traidor.

Carles: Xa che dixen que non direi nada.

Black: Gustaríame velo,/ viaxar...

Carles: Non direi nada, xúrocho.

Black: Viaxar no tempo. Vivir o dilema dos enterradores. Mágoa que...

Carles: Mágoa...

Black: Mágoa que que?

Carles: Dixéchelo ti, mágoa.

Black: Ah, si, mágoa que todo saia de aquí dentro (*sinala á cabeza*), só ficción. Un fodido mito da nosa infancia... Pura fantasía, pura fabulación, Carles, pura invención.

...

Carles: Non te entendo.

Black: Ou non me queres entender.

Carles: Queres dicir que todo iso que me contaches só é/

Black: Imaxinación, Carles, imaxinación.

Carles: Es un fillo de puta.

Black, inesperadamente, colle a cara de Carles coas dúas mans e dálle un bico na boca. Despois dun instante de sorpresa, Carles levántase e sae correndo.

...

Black: “No Cemiterio das Moreiras, // non se enterra ningún traidor, // ata perdendo as nosas bandeiras, // será a furna do honor.”

Timbre.

14.

O piso de Ona. Salvador sentado.

Salvador: Non fai falta que me prepare nada, só foi un mareo, de verdade... Xa estou máis ben, será mellor que me vaia...

Ona sae. Leva unha bandexa cun termo, dúas taciñas e un pote de azucre.

Ona: Isto faralle subir a tensión.

Salvador: Grazas, pero creo que me debería de ir.

Ona: Ata que non o vexa máis animado non sae da casa.

Salvador: É un secuestro?

Ona: Que diría o director da miña sucursal? Nunca me perdoaría que tratase mal a un dos nosos clientes.

Salvador: Eu non a recoñecería.

Ona: É o meu traballo... Beba. Pásalle isto a miúdo?

Salvador: Non, é a primeira vez... Moi bo. Grazas.

Ona: Non teña presa.

Salvador: É tarde... Vou moi apurado ultimamente: as clases, a xestión do día a día, concursos públicos, burocracia, artigos, proxectos de investigación..., agora hai todo iso da rapaza desaparecida/ que...

Ona: A xaponesa?

Salvador: Si, a xaponesa... Pero que lle vou dicir a vostede, vostede debe ter máis burocracia que eu.

Ona: Coñecía á rapaza?

Salvador: É alumna miña.

Ona: Eu atopeina algunha vez no súper.

Salvador: Non me gusta toda esta historia, fainos mala propaganda, á cidade, quero dicir.

Ona: Oxalá non lle pasara nada... Vive so vostede?

Salvador: Non. Agora si que me tería que ir.

Ona: Está casado? Teña, tómese outra cunca de café.

Salvador: Non.

Ona: Non está casado?

Salvador: Non podería durmir.

Ona: Como?

Salvador: Non quero máis café, grazas... Precisamente antes non podía durmir, saín a dar unha volta,

é bo saír da casa de vez en cando, non pecharse sempre, todas as noites, pensei que comería algo, sabe que abriron un marroquí un pouco máis abaixo?, apetecíame un pouco de cuscús con cordeiro, pero cando cheguei xa pechaban, merda, dixeran, e seguín camiñando un pouco, esta noite o aire do barrio é pesado, non o notou?, o lixo fede máis que de costume, quizais xa me viña o mareo, non o sei, daba a volta ás esquinas buscando unha bafarada de aire, un pouco de aire fresco, e, parece estúpido, pero foi deste xeito que chocamos, demos os dous a volta ao mesmo tempo, como nunha película de risa, non me diga que non fai rir: a cidade case deserta e dámos a volta na esquina ao mesmo tempo, e non sei se foi a sorpresa ou que sentín como me fallaban os pés, e tamén as pernas e cando abrín os ollos atopeime tombado no chan, cos pés enriba do seu bolso e vostede que me desabrochaba a camisa..., tería ficado aló toda a eternidade... Non nos podemos facer vellos.

Ona: Vostede non é vello.

Salvador: Que vai dicir.

Ona: Se se pon máis contento, doulle a razón.

Salvador: Non fai falta.

Ona: É ridículo que se vexa como un vello. Vostede é un home maduro, corpulento, vézelle forte, calquera ten unha lipotimia nun momento ou noutro. Eu, unha vez, desmaieime no metro, morría de vergoña,/ pensaba...

Salvador: Eu tamén acabo de morrer de vergoña.

Ona: Non é o mesmo, no metro había unha barbaridade de xente, debían pensar que me drogaba ou vai saber que.

Salvador: E vostede, non o pensou?

Ona: Non ten cara de pincharse.

Salvador: De que teño cara?

Ona: Ten cara de persoa seria, unha persoa que impón respecto. Eses cabelos brancos preto das orellas quédanlle ben, e vai moi elegante... O meu *canguro*, cando o veu fuxiu correndo. Pobre, que lles fai na clase? Tortúraos?

Rin.

Salvador: Como se chama o rapaz ? O *canguro* quero dicir, non me lembro.

Ona: Carles.

Salvador: Carles. Paréceme que é amigo do meu fillo.

Ona: Seguro que non quere máis café?

Salvador: Nada máis un pouco, grazas... É unha mágoa que partan estes pisos. As inmobiliarias aproveítanse da estrutura, reforman cociñas e lavabos e parten pola metade. *Et, voilà*, pisos encantadores de cincuenta metros cadrados.

Ona: Corenta.

Salvador: Quere dicir que o seu soldo de La Caixa non lle/ permitiría...

Ona: Gústame o barrio.

Salvador: Eu nacín nel.

Ona: O meu neno tamén.

Salvador: Faise grande, cambia.

Ona: Como?

Salvador: O barrio. A xente non é a mesma, e non falo por vostede.

...

Todas estas prazas duras, sucias, cheas de rapazada con patíns e gorras, e movéndose así, como os negros das películas. Os rótulos das tendas están todos escritos con garabatos: liñas onduladas, puntos, guións, telladiños, signos d'ex/clamación....

Ona: Pero están os palacios da rúa Montcada, e os restos arqueolóxicos do Born, e os talleres dos artistas, e/ tamén...

Salvador: Os talleres péchanos, todos, péchanos todos.

Ona: Non cre que podamos convivir cos inmigrantes?

Salvador: Son dous mundos a parte, non se mesturan, non entendo que se poidan mesturar... Non quero que se mesturen.

Ona: Un pensamento orixinal.

...

Salvador: De verdade pensa iso que acaba de dicir?

Ona: Quitoume a pregunta dos beizos... Eu compro nun súper paquistaní.

Salvador: A miña muller tamén.

Ona: Así, ten muller?

Salvador: Sabe que penso? Penso, por exemplo, que unha relación amorosa entre persoas de procedencia diversa está condenada ao fracaso.

Ona: Non o entendo.

Salvador: Sae moito a estas horas da noite?

...

Ona: A súa muller debe angustiarse. Quere que a chame?

Salvador: Non fai falta, grazas.

Ona: Quere que o acompañe?

Salvador: Non.

Ona: Vese con azos?

Salvador: Non.

Ona: Póñome o abrigo e/

Salvador: Non.

Ona: Que quere dicir?

Salvador: Poderíame quedar.

...

Día si, día non, sempre á mesma hora.

...

Ona: Váíase, por favor.

Salvador: Vaille ben ás dez?

Ona: Saia. Non me toque.

Salvador: Acábamo de dicir: non son ningún vello, son un home maduro, elegante, inspiro confianza, teño cabelos brancos enriba das/ orellas...

Ona: Agradeceríalle que saíse se non quere que faga unha escena.

Na habitación do lado, o neno comeza a chorar.

Salvador: Esperei que saíra, quería ver a cara que tiña despois de follar co seu paquistaní, se choraba, se estaba contenta, que lle facía volver, día si, día non, diante da portíña falsa do súper, viámola desde a fiestra, sabe?, a miña muller é finlandesa, alá vai frío, pásanse o día na casa, sen saír, non lles gusta saír, non hai maneira de que queira saír, sempre na casa, nada máis na casa, mirando pola fiestra, os nórdicos son unha raza de cotillas, o frío é parente da curiosidade, esta noite eu tiña frío, moito frío, como se estivera en Finlandia, esperaba diante do súper e tiña frío, o primeiro día que vai frío deste outono, e a espera fíxose eterna, inacabable, e cando finalmente saíu, pareceume que choraba, non o podería xurar pero pareceume que choraba, e non o puideren resistir, corrín ata a esquina e entón chocamos.

...

Ona: A súa muller debe pensar o mesmo.

Salvador: Que?

Ona: Unha relación entre persoas de procedencia diversa está condenada ao fracaso.

Salvador desabróchase a camisa lentamente.

Ona: Que fai?

Salvador: Non o ve? Quítome a camisa.

Timbre.

15.

Fidel diante do cadro de Nina. Non se atreve a levantar a tea e mirar a pintura, pero é evidente que morre de ganas. Entra Nina cun sobre.

Nina: Ten, debe ser isto.

Fidel: Grazas.

Nina: Queres algo máis?

Fidel: Non, non, xa está, grazas, son máis das doce, tiña medo de que durmísedes... Non sabes cando volverá?

Nina: Non mo dixo.

Fidel: Gustaríame falar con el.

Nina: Direille que viñeches, non te preocupes.

...

Estaba traballando.

Fidel: Que?

Nina: Tería que seguir traballando.

Fidel: Perdoa, xa me vou.

Nina: Esta camisa que levas...

Fidel: Era de Berta... Recoñécíchela, verdade?

Nina: Regaleilla eu.

...

Fidel: Ben, encantoume charlar contigo, diraslle a Salvador que/

Nina: Sempre me gustou.

Fidel: Que?

Nina: A camisa.

Fidel: A min tamén... Vésevos ben, a ti e a Salvador, quero dicir... Quero dicir que, ben, xa me entendes, que se nota que vos van ben as cousas.

Nina: Si.

...

Fidel: Nina, canto tempo hai que non falamos?... Que pintas?

Nina: Cousas miñas.

Fidel: Cousas?

Nina: Si, cousas, xa sabes.

Fidel: Pódese/

Nina: Non, non se pode.

Fidel: Non está acabado, claro.

Nina: Non.

...

Fidel: De acordo. Pensaba que poderías dicirme algo. Falo de Berta. Berta non me chama, ningún mail, ren, estou preocupado... Non sabes nada, verdade?... Se soubeses algo, non sei, se se puxese en contacto contigo, diríasmos?... Ás veces un interpreta as cousas só desde un punto de vista, non me quero xustificar, eu aquel día equivoqueime, de acordo, equivoqueime, perdoa, e se a tivese diante, tamén lle pediría perdón, perdón, perdóame, filla, diríalle, perdóame, ás veces facémolles mal a alguén, mal, moito mal, pero facémolo coa intención de axudar ao outro, de salvalo, aínda que nos equivoquemos, o que conta é salvalo, o que conta é a intención. Ti enténdesme, verdade? Pero o outro só ve o seu punto de vista, o mal que lle fixeches, e marcha, déixate, e ti quererías explicarlle, pero non podes porque xa non está.

...

Perdoa, estouche estorbando, cando veña Salvador, dílle que me chame... Marcho.

Nina: Espera... Creo que deberías ver o meu cadro.

Salvador: Grazas, non fai falta, xa me pasará, xa o verei cando o remates,/ cando...

Nina: Quero que o vexas agora.

Nina retira a tea do cadro cunha certa solemnidade. El cala. Un longo silencio.

Nina: Que?

Fidel: O número non é correcto.

Nina: Que número?

Fidel: Aquí, no avión... Non mo imaxinara así.

Nina: Que, non te imaxinaras?

Fidel: É sorprendente como unha sucesión diacrónica de acontecementos pode reproducirse nunha arte esencialmente sincrónica.

Nina: Non te entendo, non sei de que falas.

Fidel: Cousas miñas, cousas, xa sabes... Grazas.

Nina: Por que?

Fidel: O conto era para ela, non llo puider dar... Quizais algún día verá o teu cadro e entenderá que pasou..., as razóns..., saberá por que non fun feliz... Salvador ten unha grande sorte de terte á beira, dádesme envexa. Estou contento de ter falado contigo despois de tanto tempo. Marcho, marcho ou poñereime a chorar.

Fidel dálle un bico na meixela a Nina e afástase.

Nina observa a tea. De súpeto, cóllea e estámpaa contra o chan, contra as paredes, guíndaa contra os mobles, trípaa, dálle patadas, ata que o cadro fica en retallos. Despois, senta e ponse a chorar.

Timbre.

16.

Piso de Ona. Carles e Ona. Ela le un papel en voz alta.

Ona: “había unha vez unha rapaza... á que todomundo amolaba. Tiña un pai moi malo que era un mestre. A rapaza quería copiar nos exames pero non lle deixaban... e maquillar tampouco. A rapaza era miga do Papanuel. O Papanuel regaláralle un aipod... Tamén era miga dun avión... O avión facíalle cousas ás chiscadelas e faláballe. O avión quería moito... Un día a rapaza foi ver o avión co seu porquiño e co aipod do Papanuel... Á rapaza gustáballe moito a música. Mentres esperaba o avión atopouse cun ogro que estaba moi enfadado. A rapaza tiña medo e regaloulle o seu aipod. Pero o ogro que era moi malo riu e foi e comeuna. E tamén ó porquiño. Despois o ogro colleu o avión e foise...” Hai unha nota da mestra... “Teríamos que falar. Como pode comprobar, o seu fillo ten un imaxinario un pouco estraño. Pídalle hora á secretaria. Vanme ben os martes e os xoves pola tarde.”

...

Ti sabes de onde pode sacar todo iso?

Carles: Non.

Ona comeza a chorar. Primeiro lentamente, despois con toda a rabia contida no seu interior. Carles non sabe que facer. Finalmente decídese e pásalle un brazo polos ombros.

Ona: Por que volviches?

Carles dálle un bico na meixela. Despois outro nos beizos. Ona reacciona violentamente, empúrroa, dálle unha labazada na cara, colle o abrigo dunha arrebolada e sae correndo. Silencio.

O neno comeza a chorar. Carles entra na habitación, o choro para. Despois, volve ao comedor e senta no chan, á beira da porta.

Carles: De acordo, outro... Un día que Xesús está distraído, sabes quen é Xesús, verdade?, pois un día que Xesús está distraído, vai un sancristán, colle unha escada, sobe á cruz e arríncalle os cravos das mans, entón Xesús cae de morros contra o chan, así, plaf, e o cabezazo resoa como se se partira un melón podre. Xesús ve a cara de espanto do mozo que o mira, ben, veo como pode, porque ten os ollos embazados polo sangue e non se albisca moito, e partiuse o nariz da morrada, e catro dentes, esta vez, nin a súa nai o recolle, asegúrocho. “Por que o fixeches?”, pregunta Xesús cunha voceciña delgada. E o sancristán responde: “Sufría moito, señor, sufría moito de vervos con eses cravos.” E entón Xesús mírao e dille: “Non lle axudes a ninguén que non cho pida, meu fillo”.

Timbre.

EPÍLOGO

A MAÑÁ

(Todos os personaxes en escena)

17.

Salvador e Nina. O cabalete baleiro, o cadro no chan.

Salvador: Esta noite, cando cheguei, tiñas a porta da habitación pechada...

Nina: Xa o sei.

Salvador: Por que?

Nina: Se sabes que tiña a porta pechada, é que intentaches abri-la, e se intentaches abri-la, sabes por que a tiña pechada.

...

Salvador: Perdóasme?

Nina: Non.

Nina achégase a Salvador e bícao apaixonadamente.

Salvador: Nunca estivemos enfadados máis dun día seguido, non ten sentido alongalo máis, ven, sabía que non pasaría desta noite, que non podía durar.

Nina: Non, non podía durar.

...

Salvador: Quérote.

Nina: Que fixeches esta noite?

Salvador: Non sei, pasear... Pensar. Compreiche uns kebabs.

Nina: Uns kebabs?

Salvador: Si. E ti que fixeches?

Nina: Fun a La Caixa.

Salvador: A La Caixa, de noite?

Nina: Esta mañá, a primeira hora. Falei coa delegada.

Salvador: E que che dixo?

Nina: É guapa. Desde aquí, desde a fiestra non o parecía tanto... Creo que ten un fillo, ten un osiño de peluche nunha esquina da oficina... Sorriume todo o tempo, pero pareceume unha persoa triste, triste e cansa, iso si, agradable, ulía ben, teríame gustado abrazala, dicirlle que podíamos ser boas amigas, que mo contase todo, que eu entenderíao, pero non lle dixen nada, non sei, non me atrevín... Preguntoume por ti, non sabía que te coñecera persoalmente, desexoume moita sorte, moita, sorriume e funme... Teríame gustado darlle un bico. Custa tanto facer o que se ten que facer...

Salvador: Timidez.

Nina: Covardía.

Salvador: Que lle pasou ao cadro?

Nina: Rompino.

Salvador: Non che gustaba?

Nina: Non... Veu Roca.

Salvador: Fidel rompeu o cadro?

Nina: Non. Quería falar contigo.

Salvador: É un pesado.

Nina: Díxome que captara moi ben a idea do punto de vista.

...

Salvador: Veu o cadro?

Nina: Si.

...

Salvador: O rapaz dos kebabs preguntoume por ti.

Nina: Voume.

Salvador: Parece que te aprecia moito.

Nina: Pechei todas as cartillas de aforro, todas as contas. A rapaza de La Caixa díxome que era a segunda en facelo con poucas horas de diferenza.

Salvador: Non che parece que o súper ten un cheiro desagradable?

Nina: Volvo a casa. Tes razón: non ten sentido alongalo máis.

Salvador: Toda a cidade cheira, non se pode respirar, hai demasiados coches, demasiada xente, turistas e lixo, cada vez que entro no metro dáme un mareo, non me gusta a universidade, non me gustan as caras dos meus alumnos, non me gusta que me miren cada vez que comeza o curso preguntándome quen son e que fixen e porque estou alí diante deles, non me gusta que teñan un futuro por diante, non me gusta sentirme responsable, non me gusta que beban botelliñas de auga todo o tempo, nin as súas friameiras de plástico, detesto o bar da universidade, o olor a café con leite, e os ascensores, e os corredores de hospital e a rutina e os compañeiros, non entendo o entusiasmo dos compañeiros, nin me interesa o que lles interesa, nin os seus artigos, nin os seus libros, nin os seus contos...

Nina: Volveremos a comezar.

Salvador: Custa tanto facer o que se ten que facer.

Nina: Adeus.

Salvador: Que fago co cadro?

Nina: Dállo ao teu fillo. Teño a impresión de que o entenderá, só espera unha cousa.

Salvador: Que?

Nina: Unha pregunta, que lle fagas unha pregunta, só espera unha pregunta.

Nina colle a súa maleta e sae.

Timbre.

Black diante de Salvador co cadro nas mans. Salvador mira pola fiestra.

Salvador: Téñoche que facer unha pregunta, fillo.

Black: Seino.

...

Sabes os contos de Roca? De pequeno falábasme deles... Intentaches algunha vez darlles a volta? Quero dicir, intentaches miralos desde outra perspectiva, aquilo típico, que pasou despois do “foron felices e comeron perdices”. Sabes de que che falo?... Por exemplo, a muller do xigante. Lébraste? Aquela muller simpática e chepuda á que lle gustaban os nenos... Perfecto. A muller do xigante fixo unha boa acción, é verdade, pero agora sobrevive pedindo esmola polas rúas. Cada vez que ve un neno, véñenlle ganas de trousar... Outro. A rapaza do aeroporto. Desta seguro que te lembras, sae neste cadro... Aquela rapaza salvou a vida grazas a aquel home estraño, tivo moita sorte... Ou non... Nunca máis puido voar, ten medo de entrar nos aeroportos, de feito ten medo de saír da casa e de falar coa xente, e tirou o seu Ipod branco ao lixo. Quen máis?... Ah, si, o camioneiro. O camioneiro atropelou ao rapaz que buscaba a camisa dun home feliz... Aquel camioneiro cedeu a súa camisa a un pobre defunto que a necesitaba, ben feito... Agora está suspendido de traballo e soldo, indefinidamente. Na súa casa, catro meniños choran porque pasan fame, e a súa muller deixouno... O que me gusta máis é o do enterrador do Fossar de les Moreres, o Cemiterio das Moreiras. Este seguro que o tes presente. Está no barrio. Hai anos líasme o poema... Aquel vello foi fiel á patria, pero non lle serviu de nada. Agora polas noites ten pesadelos e grita. Aparéceselle o seu fillo... Con tres anos, con sete, con dez, con quince, con dezaoto, sempre riseiro, o seu fillo... O seu fillo cheo de sangue. Hai días que á súa muller negáronlle a palabra, e el tampouco se atreve a dicir nada... Espera, aínda queda o pequeno sancristán que sufría polos cravos de Cristo... Aprendeu unha lección moi importante aquel chaval. Agora é máis sabio, de acordo, pero xa non lle axuda a ninguén: deixou que a súa irmanciña caese desde un balcón e que o seu mellor amigo se desangrase. Pola noite, sempre se destapa: soña co inferno. O inferno.

...

Darlle a volta aos contos, papá. Darlle a volta á vida. Paréceche suficientemente orixinal?

Salvador: Que queres dicir?

Black: Contestei a túa pregunta.

Salvador: Que pregunta?

Black: Un pensamento orixinal. O meu pensamento/

Salvador: Non che ía preguntar iso, fillo. Hoxe falo en serio. A miña pregunta é..., pode parecer tópica, pero é importante.

...

Ti quéresme?

Timbre.

19.

Fidel, axeonllado, cun vaso na man. Unha botella. Dentro, un líquido de cor estraña. Diante de Fidel, tamén axeonllada, Reiko cos auriculares postos.

Fidel: Darlles voltas ás cousas, poñelas do revés, observalas desde todos os ángulos... Cansei... Non é suficiente con cambiar a mirada... O pasado é pasado... Non hai marcha atrás. Ela non está.

...

Fidel alza o vaso. Reiko sérvelle o líquido.

Fidel: Deixei un sobre para ti. É todo o que teño: o meu diñeiro e os meus contos.

...

Que dirán os titulares dos diarios mañá?

Fidel bebe compulsivamente.

Pausa.

Reiko contempla os espasmos de Fidel.

Fidel xa non se move.

Reiko: E o emperador escampou os anacos dos xerros por todas as esquinas da cidade...

Timbre.

FIN